

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con parálise cerebral e afíns.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a APAMP é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito provincial, situada no Concello de Vigo constituída por iniciativa dun grupo de familias sensibilizadas cos problemas do alumnado con parálise cerebral ou afín, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Facilitar no posible os medios adecuados para que os diminuídos pisco-físicos, parálíticos cerebrais, e minusválidos afíns, adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización na sociedade.
- b) Prestar a colaboración e axudas precisas para a promoción cultural, apoio á inserción laboral, incorporación a cursos profesionais ou culturais e calquera outra actividade de índole similar.
- c) Fomentar e potenciar o nivel cultural, mediante asistencia a espectáculos, organización do tempo libre, deportes e calquera outra actividade similar.
- d) Facilitar os medios necesarios para a súa rehabilitación, asistencia sanitaria, medios de transporte, etc.
- e) Contribuír á mentalización da sociedade, para que tome conciencia da necesidade de normalización social dos diminuídos pisco-físicos a través de publicacións, conferencias, campañas de sensibilización ou calquera outro medio de divulgación.
- f) Manter contacto con outras asociacións que teñan fins análogos, intercambiando ideas, e coñecementos para un mellor logro das súas actividades.
- g) Colaborar a axudar na adopción de toda clase de medidas e medios que poidan aportar algunha utilidade para a consecución de fins que tendan a proporcionar maiores posibilidades para a súa integración social.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con parálise cerebral e afíns, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

